

O magosto preséntase como unha homenaxe ao castiñeiro. É unha árbore de grande lonxevidade e porte maxestoso que nos proporciona alimento, madeira e sombra e enriquece e mellora as condicións do solo no que medra. O seu froito é a tan prezada castaña. Cando chega o outono, o chan aparece repleto de ourizos, a envoltura espiñosa que protexe a castaña. Para recoller os ourizos de xeito tradicional emprégase a *petela*, unha pinza de madeira con forma de "u" alongada e amoréanse nas *ouriceiras* ata que o ourizo abre. No proceso de maduración das castañas as follas cambian de cor e víranse amarelas ou marróns. Famoso é o castiñeiro de Pumbariños en Manzaneda, o de maior perímetro en Galiza (12,5 m.) e arredor dos 500 anos de lonxevidade.



Tempo atrás, ao ser a castaña considerada como a base da alimentación en Galiza, había xente que facía da recolleita das castañas a súa profesión e adoitaban permanecer durante meses nos *sequeiros*, construcións de pedra e madeira que se empregaban para o almacenamento e secado da castaña, convertíndose así nas vivendas destes traballadores. Convidámosvos a descubrir no seguinte enlace estas singulares edificacións na Ruta dos Sequeiros en Trives: <http://www.youtube.com/watch?v=mzzsl20wx2Y>

Cedo teremos novas dun colleitador de castañas moi especial que fará as delicias dos máis cativos, o sempre grande

APALPADOOOOR!!!

**“¿Cal é a cousa, cal é ela,
ten tres capas de inverno:
a 1ª mete medo, a 2ª é lustrosa
e a 3ª é amargosa?”**

”Polo San Martiño,
buxainas ao camiño”

MAGOSTO 2022



**“Non chas quero non chas
quero,
castañas do teu magosto,
non chas quero non chas quero,
que me cheiran a chamosco.”**



**EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.
CEA DE RIANXO.**



Contiños de outono... e leite con mel




O castiñeiro do Apalpador

Inacio.
Baía Edicións.



Rato Pincho

Gloria Sánchez.
Editorial Galaxia.




O momento perfecto.

Susana Isern.
Edicións la fragatina.



O Magosto.

Editorial Galaxia.



Receitas con sabor a castaña!



Croquetas de castaña



[https://lareiras.gal/
gl/recipe/croquetas-
de-castanas/](https://lareiras.gal/gl/recipe/croquetas-de-castanas/)

Cocido con castañas



[https://lareiras.gal/
gl/recipe/cocido-
con-castanas/](https://lareiras.gal/gl/recipe/cocido-con-castanas/)



Tortiñas de castaña



[https://youtu.be/
wz4APElnC_M](https://youtu.be/wz4APElnC_M)

Madalenas de castaña e vainilla



[https://
asreceitasdexiana.com
/madalenas-de-
castanha-vainilla/](https://asreceitasdexiana.com/madalenas-de-castanha-vainilla/)

